



Wogade

BÁDMINTON ESCOLAR

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRIPCIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través páxina Web "xogade.xunta.gal". Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte "deporte.xunta.gal".

A data de peche de inscrición é o 15 de novembro de 2016.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar neste programa XOGADE, na modalidade de Bádminton, todos os xogadores/as afiliados/as a clubs, asociacións, centros de ensino, etc. nas categorías benxamín, alevín, infantil e cadete.

3. CATEGORÍAS

Benxamín: nados nos anos 2008-2007 (categoría mixta).

Alevín: nados nos anos 2006-2005 (masculina e feminina).

Infantil: nados nos anos 2004-2003 (masculina e feminina).

Cadete: nados nos anos 2002-2001 (masculina e feminina).

Se un xogador/a o desexa, pode competir na categoría inmediatamente superior, perdendo o dereito a xogar na súa categoría.

A categoría cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación organizado pola Federación Galega de Bádminton. Incorporarase nas distintas fases do programa en función das posibilidades organizativas de cada Servizo Provincial.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN

A competición será individual.

FASE COMARCAL-ZONAL: O sistema de competición será establecido polo Servizo Provincial de Deporte coa orientación da federación galega, sempre en función do número de inscritos.

FASE PROVINCIAL

Disputaranse as categorías, benxamín, alevín, infantil e cadete, feminino e masculino. Para esta fase clasificaranse os 16 mellores xogadores/as por categoría.

5. REGRAS DE XOGO

Xogarase sobre unha pista coas medidas aprobadas pola Federación Galega de Bádminton. Os volantes de xogo serán homologados pola federación galega para a tempada en vigor e serán de nailon para todas as categorías e fases.

Só se reconecerá como delegado/adestrador á persoa que figure na folia de inscrición.

Enténdese por xornada a relación de encontros que se disputan nun día.

Os xogadores deben ir de curto e con camiseta identificativa das entidades que representan.

A organización disporá de árbitros para a competición. Se é necesario, o xuíz árbitro poderá nomear, entre os xogadores participantes no torneo, un árbitro de acordo co estipulado no Regulamento Xeral Técnico de Competición da Federación Galega de Bádminton.

6. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Cada partido entre dous xogadores/as disputarase ao mellor dun único set de 30 puntos directos sen prolongación. Gaña o primeiro que chegue a 30 puntos podéndose dar un resultado de 30-29. Aos 15 puntos cámbiase de campo e os xogadores teñen dereito a 2 minutos de descanso.

7. CALENDARIO DE COMPETICIÓN

Fases locais ou comarcais: benxamín, alevín, infantil e cadete, de novembro 2016 a marzo 2017.

Campionato Provincial: benxamín, alevín, infantil e cadete: maio de 2017.

Campionato de España: Por determinar.

8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Bádminton, que pode consultarse na páxina Web: www.fegabad.es, e tamén na web da Secretaría Xeral para o Deporte: deporte.xunta.gal.